



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria – interventora de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA COMO PERSOAL TEMPORAL DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2025/X998/000138 (Emprego).

Expte. TEDEC: 2025/G003/000798 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que ao Concello da Baña concedéuselle unha subvención en réxime de concorrencia non competitiva do Programa de Subvencións a Concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico de normalización lingüística no 2025 FONL/2025 no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Visto que as bases da convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal da transparencia deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 24 de xullo de 2025 (BOP núm. 140), iniciándose un prazo de dez días naturais para a inscrición de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que mediante resolución de Alcaldía, con número de Decreto 648/2025, de 16 de setembro de 2025, aprobáronse as listas definitivas de aspirantes admitidos e excluídos, así como a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do concello, na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/, co obxecto de outorgarlle ós aspirantes excluídos un prazo de dez días, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, no que poderán corrixir os defectos que se alude no referido artigo e formular as reclamacións á lista provisional.

Visto que no referido Decreto 648/2025 aprobouse a composición do tribunal cualificador, a constitución do mesmo, o establecemento da data, hora e lugar de realización da proba da fase de oposición e a convocatoria dos aspirantes.

Vista a acta número 5 do tribunal, a cal se transcribe a continuación:

“ACTA Nº 5 DO TRIBUNAL ENCARGADO DE CUALIFICAR AS PROBAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA COMO PERSOAL TEMPORAL DO CONCELLO DA BAÑA

Expte. TEDEC: 2025/X998/000138 (Emprego)

Expte. TEDEC: 2025/G0003/000713 (Decreto)

LUGAR: en liña

DATA: 9 de outubro de 2025

HORA DE COMEZO: 09:30 h



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

HORA DE REMATE: 11:45 h

ASISTENTES:

Presidenta: Carmen del Río Rodríguez (xefa do servizo de Contratación do Concello de Carballo)

Secretaria: Manuela Sofía Abelenda Antelo (técnica de xestión contable do Concello da Baña)

Vogais: M^a. Carme Pereiro Felípez (normalizadora lingüística do Concello da Carballo)
Nuria Seoane Bouzas (técnica de normalización lingüística do Concello da Coruña)
Sonia Nieto López (orientadora laboral do Concello de Negreira)

ORDE DO DÍA

1. Determinación da lista definitiva de aprobados/as
2. Orde definitiva dos/as integrantes da bolsa de emprego

DELIBERACIÓNS

O Tribunal forma a lista definitiva de aprobados e a continuación establece a orde definitiva dos/as integrantes da bolsa de emprego de técnico/a de normalización lingüística como persoal temporal do Concello da Baña, por orden de puntuación total obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes.

ACORDOS

1. Acórdase publicar a seguinte lista definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo:

	Expediente	Nome e apelidos	DNI	Puntuación fase concurso	Puntuación 1º exercicio	Puntuación 2º exercicio	PUNTUACIÓN TOTAL
1	2025/E002/000023	Barreiro Fuentes, Ainhoa	***8465* *	3,6	24,33	12	39,93
2	2025/E002/000025	Campaña Abuín, Víctor Manuel	***5747**	0	20,81	10	10,81
3	2025/E002/000027	Ferro Diz, Lucía	***7300**	6,55	23,46	10,5	40,51

2. Orde definitiva de integrantes da bolsa de emprego:

	Expediente	Nome e apelidos	DNI	Puntuación fase concurso	Puntuación 1º exercicio	Puntuación 2º exercicio	PUNTUACIÓN TOTAL
1	2025/E002/000027	Ferro Diz, Lucía	***7300**	6,55	23,46	10,5	40,51
2	2025/E002/000023	Barreiro Fuentes, Ainhoa	***8465* *	3,6	24,33	12	39,93
3	2025/E002/000025	Campaña Abuín, Víctor Manuel	***5747**	0	20,81	10	10,81

O Tribunal propón realizar os chamamentos dos/as aspirantes pola orde na que estes aparecen na lista anterior.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria."



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que publicada a relación de aprobados, o Concello da Baña xestionará a bolsa de emprego segundo as necesidades do servizo. Detectada dita necesidade cursarase comunicación aos membros da bolsa de emprego por estrita orde decrecente en base á puntuación obtida nas probas selectivas. As persoas incluídas na relación de aprobados contarán cun prazo de cinco días hábiles para cumprir coa obriga de comunicar a aceptación de prazas ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta.

Visto que a persoa proposta deberá aportar a seguinte documentación:

- a) D.N.I
- b) Título esixido na convocatoria.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- f) Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación.
- g) Certificado da conta bancaria.
- h) Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos do pagador.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

Primeiro.- Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 410/2023, de data 19 de xullo de 2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Aprobar a bolsa de emprego para cubrir unha praza de técnico de normalización lingüística, como persoal laboral temporal do Concello da Baña que é a que a continuación se transcribe:

	Expediente	Nome e apelidos	DNI	Puntuación fase concurso	Puntuación 1º exercicio	Puntuación 2º exercicio	PUNTUACIÓN TOTAL
1	2025/E002/000027	Ferro Diz, Lucía	***7300**	6,55	23,46	10,5	40,51
2	2025/E002/000023	Barreiro Fuentes, Ainhoa	***8465**	3,6	24,33	12	39,93
3	2025/E002/000025	Campaña Abuín, Víctor Manuel	***5747**	0	20,81	10	10,81



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Terceiro.- Publicar a bolsa de emprego para cubrir unha praza de técnico de normalización lingüística como persoal laboral temporal do Concello da Baña, no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/

Cuarto.- Propoñer a Ferro Diz, Lucía, con DNI ***7300** como primeira candidata, tendo a obriga de comunicarlle a este Concello a aceptación da praza ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta, tendo que, no primeiro dos casos que aportar a seguinte documentación no prazo de 5 días hábiles.

- a) D.N.I.
- b) Título esixido na convocatoria.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- f) Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación.
- g) Certificado da conta bancaria.
- h) Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos do pagador.

En caso de rexeitamento procederase o chamamento por orde de puntuación tal como recolle o punto segundo desta resolución.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria- interventora, Paula Martís Torres dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE